

6 *Review*

CALVO SALGADO,
Luís Manuel ed.

Galicia: Confederación
Intersindical Galega, 2010.
210 pp.
ISBN 978-84-614-0461-2

*Galiza en Suíza:
aspectos dunha
emigración/Galicien
und die Schweiz:
Aspekte einer
Auswanderung/
La Galice en Suisse:
aspects d'une
émigration*

**Rosa María López
González**
Universidade de
Santiago de Compostela

Nos últimos anos, ademais dos historiadores e investigadores de diversos eidos, son moitos os organismos que veñen mostrando un interese crecente polos movementos migratorios galegos dentro do continente europeo, que na década dos anos sesenta do século xx substituíron os fluxos migratorios cara ao continente americano de décadas anteriores. Podemos citar, entre outros, os traballos desenvolvidos dende a 'Cátedra UNESCO 226 sobre Migraciones' e o portal CEPAM Migracións, ambos vencellados ao ámbito universitario galego, así como os realizados dende CIG-Emigración, vencellado á Confederación Intersindical Galega. Entre as novidades bibliográficas recentes cabe salientar a monografía de Kirsty Hooper, *Writing Galicia into the World. New Cartographies, New Poetics* (2011), na que se analizan as manifestacións literarias de galegos e sobre galegos emigrados no Reino Unido. O libro que reseñamos, *Galiza en Suíza. Aspectos dunha emigración*,

CALVO SALGADO, Luís
Manuel ed.
*Galiza en Suíza: aspectos
dunha emigración / Galicien
und die Schweiz: Aspekte
einer Auswanderung / La
Galice en Suisse: aspects d'une
émigration*
Rosa María López
González

volume colectivo da autoría de Luís Manuel Calvo Salgado, Marianne Helfer Herrera Erazo, Elisabeth Graf e Xurxo Martínez Crespo, é unha importante contribución ao coñecemento da realidade migratoria dos galegos en Suíza, país que axiña se converteu no destino prioritario da emigración galega a Europa. A través das súas páxinas póñense de relevo non só as características da primeira emigración galega, senón tamén a da máis recente, onde profesionais altamente cualificados substituíron aos emigrantes de perfil máis tradicional. Este libro presenta unha combinación de datos cuantitativos, documentación oficial e 'memorias de emigrantes' reproducidas con formato de entrevistas e ilustradas con fotografías que nos achegan ao fenómeno migratorio dende unha óptica social máis próxima á experiencia subxectiva dos protagonistas: os emigrantes.

O despegue económico que países europeos como Suíza, Alemaña, Francia e o Reino Unido experimentaron logo da Segunda Guerra Mundial provocou a apertura das súas fronteiras co fin de dar entrada a man de obra estranxeira. Consciente da oportunidade económica que esta situación ofrecía, dende 1956 o estado español estableceu convenios cos países demandantes de man de obra para fomentar a emigración temporal. Mais dadas as posibles repercusións deste importante fluxo migratorio e co obxectivo de controlar os emigrantes, ese mesmo ano o goberno franquista creou o Instituto Español de Emigración. As súas funcións resómense, en termos paternalistas, nunha das moitas guías do emigrante que o institutio editou os longo dos anos: 'Durante esta ausencia transitoria puede tener la seguridad de que España, mediante los organismos oficiales, le protegerá y atenderá convenientemente. Siempre podrá contar con la colaboración del Instituto Español de Emigración, que vela por todos los emigrantes españoles y contribuye a que su vida en Suiza sea la más digna y llevadera posible' (*Guía del Emigrante en Suiza*, 1962). O 'Plan de Estabilización' incluído dentro da 'Nueva Ordenación Económica' de 1959 acelerou o proceso de saída dos traballadores españois ao poñer fin ao illamento autárquico do país. En 1961, España e Suíza asinan o convenio 'Gastarbeiterpolitik' ('Política de los trabajadores invitados') que converte a Suíza no destino preferente.

En grande medida, o maior beneficiado da emigración europea foi o estado español xa que, por un lado, a saída do excedente de man de obra reduciu a taxa de desemprego e, por outro lado, o envío de divisas estranxeiras revertiu positivamente nos lugares de orixe dos emigrantes. É máis, entre 1959 e 1973 os emigrantes contribuíron, ao igual cós turistas, á apertura do réxime franquista e a equilibrar a balanza de pagos. Porén, as historias individuais ofrecen unha imaxe menos positiva da emigración.

En Suíza, moitos emigrantes galegos se enfrontaron por vez primeira co medio urbano e cunha cultura diferente. Ao igual que na emigración americana, as redes de solidariedade centralizadas nas Sociedades e Centros Galegos tiveron grande importancia, en especial porque en Suíza os emigrantes se enfrontaron ademais coa difícil barreira do idioma. Estes centros actuaron como pequenas illas galegas e foron non só lugares de reunión e lecer, senón tamén improvisadas oficinas de emprego onde os recién chegados pedían axuda aos veteranos. Entre as redes de solidariedade analizadas en *Galiza en Suíza* salientan ás emisións de radio *Sempre en Galiza*, que axudaron a combatir a morriña e a manter alto o estandarte da cultura e do orgullo de ser galegos.

Superados os problemas de adaptación dos primeiros meses e co paso dos anos, moitos emigrantes aprenderon un oficio e ascenderon nas escalas laborais abandonando así os nichos de traballo aos que foran confinados

CALVO SALGADO, Luís
Manuel ed.

*Galiza en Suíza: aspectos
dunha emigración / Galicien
und die Schweiz: Aspekte
einer Auswanderung / La
Galice en Suisse: aspects d'une
émigration*

Rosa María López
González

nos primeiros anos. Así o podemos ver entre os comentarios das testemuñas recollidas neste libro: 'Tradicionalmente a man de obra galega está empregada no sector da construción —tanto no ramo básico da construción como no ramo da pintura e do xeso e no sector industrial. Con isto refírome principalmente ás e aos emigrantes da primeira xeración. No caso das persoas da segunda e da terceira xeración a situación é moi diferente' (71), xa que 'hoxe en día tamén veñen persoas altamente cualificadas como, por exemplo, investigadoras e investigadores que traballan en empresas como Novartis ou Roche' (74).

Un dos aspectos máis traumáticos dos procesos migratorios son as separación familiares, tal e como se analiza no libro que nos ocupa. Por unha banda, os emigrantes con descendencia tiveron que facerlle fronte ao dilema emocional e loxístico de se emigrar ou non cos fillos. Tanto as autoridades españolas como as do país receptor aconsellaban que os menores ficasen no país de orixe xa que así os emigrantes poderían vivir nun lugar máis económico, enténdase nunhas condicións máis precarias, e as mulleres emigrantes poderían traballar fóra da casa. Ademais suxeríase que, se os fillos quedaban no lugar de orixe, xurdirían menos problemas á hora de regresar definitivamente. En resumo orientábase aos traballadores cara a un modelo migratorio que fomentase unha maior capacidade de aforro. Pensando nun rápido retorno moitos pais escolleron deixar aos seus fillos en Galicia, o que tivo consecuencias negativas para as dinámicas familiares. Así o lembra unha testemuña: 'Moitos pais pensaron ao mellor que debían levar agasallos, que as súas fillas e fillos agardaban cousas materiais. Máis as cousas materiais non poden substituír moitas outras cousas' (75). Noutros casos a aventura migratoria alongouse tanto no tempo que os pais se decidiron a levar os fillos con eles. Nestes casos, e como agoiraban as guías de emigrantes, a miúdo o conflito xurdiu á hora do retorno definitivo. Unha das testemuñas lembra como, co fin de evitar estes problemas, seus pais 'decidiron finalmente regresar a Galiza cando a miña irmá rematou a secundaria obrigatoria. Daquelas pensaron que, se non volvían pronto, unha das súas fillas ía atopar parella en Suíza, casar aló e logo de seguro non volvería a España. Non querían iso' (113). En moitas ocasións, porén, os fillos viviron o regreso a Galicia de modo traumático. Este é un dos paradoxos da emigración: os pais emigran para darlles unha educación aos fillos que lles permita non ter que emigrar e, ao final, os fillos, nados na emigración, séntense e son percibidos como emigrados ao regresar á terra de orixe de seus pais. O fenómeno da dobre emigración, resumido por unha testemuña coa dúbida 'non podo realmente dicir se son máis española ou máis Suíza' (117), foi sufrido tamén pola primeira xeración, emigrantes galegos en Suíza e alcumados suízos en Galicia: 'Xunto coa española e a Suíza, en calquera caso, hai tamén en min unha galega' (118), reconece unha emigrante.

Por outra banda, as consecuencias demográficas e sociais no lugar de orixe da emigración foron inmensas. É certo que as divisas extranxeiras melloraron o nivel de vida e axudaron ao desenvolvemento económico, pero igualmente miles de familias quedaron reducidas ás xeracións dos avós e dos nenos, o que tivo importantes consecuencias emocionais pero tamén económicas xa que, en moitos lugares do rural, o número de persoas en idade activa se reduciu drasticamente. En *Galiza en Suíza* coñecemos de primeira man estes aspectos considerados como os máis traumáticos da experiencia migratoria polo forte compoñente emocional e de esgazamento identitario.

Este libro sae á luz coincidindo coa celebración das cinco décadas de emigración galega á Suíza. Alén dos galegos emigrados e finalmente

CALVO SALGADO, Luís
Manuel ed.

*Galiza en Suíza: aspectos
dunha emigración / Galicien
und die Schweiz: Aspekte
einer Auswanderung / La
Galice en Suisse: aspects d'une
émigration*

Rosa María López
González

retornados, son moitos os que aínda viven en Suíza. De feito os galegos supoñen o 50% do total dos españois residentes no país. Se este dato é significativo aínda o é máis o que sitúa a lingua galega como a quinta máis falada do país. Á vista destes datos poderíamos concluír que os galegos e galegas están totalmente integradas, porén é preciso matizar este dato, como explica unha das testemuñas: 'Se houbera unha integración total, non habería asociacións como os centros galegos e os centros españois. Iso é un indicativo. Mesmo aínda que unha persoa non queira máis que continuar cultivando a propia identidade e a propia cultura, segue sendo, con todo, un síntoma. Quedar, xogar ás cartas polas tardes e cousas deste tipo son un indicativo de que a integración social non é sempre doada para todo o mundo' (77).

Entre as conclusións que podemos extraer de *Galiza en Suíza. Aspectos dunha emigración* está a ambivalente valoración que os emigrantes fan do seu periplo migratorio. Por un lado, a maioría cumpríu as súas expectativas económicas polo que a experiencia se percibe como enriquecedora no senso máis amplo da palabra. Na outra cara da moeda, porén, está o altísimo custe anímico e persoal que fixo que uns viviran a emigración como protagonistas e outros, a familia que quedaba en Galicia, sinxelamente a padecesen. A través da obra tamén coñecemos a realidade do desarraigamento: os galegos son considerados emigrantes alí onde van, primeiro en Suíza e, cando regresan tras varias décadas, na terra de orixe. Paradoxicamente, os emigrantes de segunda xeración, nados en Suíza pero de orixe galega e aos que neste libro se lles denomina *secondos* e *secondas*, séntense totalmente integrados en Suíza e emigrantes en Galicia. É máis: 'Os descendentes de galegos lograron integrarse mellor que as outras comunidades extranxeiras, achegando incluso unha nova categoría de profesionais. Nados en Suíza, nada os distingue dos suízos [...] están integrados e falan perfectamente as linguas dos seus compañeiros suízos de aula' (187).

Este traballo presenta, ademais da memoria dalgúns emigrantes, os compoñentes económicos, sociais, culturais e persoais que marcaron as súas traxectorias no país alpino. Atopámonos tamén cunha valiosa fonte de estudo para a análise sociolóxica e cultural como son as fotografías, os documentos oficiais e persoais, e os anacos de cartas intercambiadas coa familia que permaneceu en Galicia. *Galicia en Suíza. Aspectos dunha emigración* ofrece unha ollada á historia dos galegos-suízos e dos suízos-galegos, persoas dacabalo de dous espazos. É unha historia, en definitiva, cun final aberto, segundo conclúe unha das testemuñas que se recollen neste libro que sentencia, acertadamente, que 'Galicia segue a ser un país emigrante' (85).

Bibliografía citada

Instituto Español de Emigración, 1962. *Guía del emigrante en Suiza* (Madrid: Instituto Español de Emigración).